



**SINDICATO DE TRABAJADORES DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**  
**SINDICATO INDEPENDIENTE E ESPECIFICO DE XUSTICIA**

**DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA**

Rúa Madrid, 2-4, 2º piso – Fontiñas  
15781 Santiago de Compostela.-

**ASUNTO: Fallo na aplicación de Correos para a remisión de correo ordinario.**

Dente o pasado xoves son varios os compañeiros dos xulgados que están alertándonos dunha problemática xurdida co sistema informático de remisión de correo postal consistente na imposibilidade de remisión de correo ordinario e certificado, así como a obtención telemática dos acuses de recibo

Postos en contacto co servicio de Correos infórmásenos que o problema foi debido á última modificación que causó problemas na migración de datos y actualmente non recoñecen aos anteriores usuarios nin número de contrato e cliente, polo que exixen que dende todos os xulgados e polo tanto todos os usuarios fagan as operacións necesarias para poder continuar co servizo.

Entendemos que o tratarse dun problema xeneralizado a toda a Administración de Xustiza en Galicia, e que por existir un contrato entre a Xunta de Galicia e o Servizo de Correos, corresponde a Dirección Xeral de Xustiza, como unha das partes do contrato, exixirle a Correos a resolución inmediata do debandito problema, dado que a día de hoxe estánse acumulando nos distintos órganos xudiciais todas as resolucións que deben ser comunicadas as partes.

A vista do anterior SOLICITAMOS que pola DXX dense as instrucións precisas ao Servizo de Correos a fin de que procedan a maior brevidade posible a resolución do problema, e que de ser necesario remitan a cada xulgado as instrucións necesarios para facer a migración dos datos de forma axeitada.

Vigo, a 19 de xullo de 2021

Fdo. Julián Gonzalez Rodríguez  
Delegado STAJ

